

Os hábitats presentes no complexo son representativos principalmente das lagoas costeiras e praias de area e dunas, atopándose en xeral nun bo estado de conservación.

Trátase dun **enclave húmido de gran importancia no NO peninsular, en especial polo seu valor ornitolóxico.**

1. **A LAGOA:** É un dos mellores exemplos de lagoas costeiras do litoral galego. Este tipo de hábitat está incluído no Anexo I da Directiva 92/43/CEE (Directiva Hábitat) como *hábitat prioritario para a conservación.*

-A **vexetación do leito acuático** está dominada por formacións de **Ruppia marítima** que colonizan os fondos areosos, mentres que na zona litoral instálanse extensos carrizais de **Phragmites australis** entre os que se intercalan herbazais halófilos de **Juncus maritimus** e formacións herbáceas de **Scirpus maritimus** e **Scirpus lacustris**.

-**Cara á parte máis externa do humidal lacunar** consérvanse pequenos **bosques pantanosos dominados na marxe dereita e na parte posterior da lagoa polo aliso (Alnus glutinosa)** que é substituído nas formacións arbóreas da marxe esquerda por saucedas de **Salix atrocinerea** con **Iris pseudacorus** e **Molinia caerulea** no sotobosque. Ambos tipos de formacións arbóreas son Hábitats Prioritarios. Intercalados cos anteriores aparecen brezais húmidos con **Erica tetralix** e **Calluna vulgaris**, igualmente hábitats prioritarios.

-**No contacto da lagoa coa duna gris**, en posición máis retrasadas que os carrizais de **Phragmites australis**, aparecen herbazais subhalófilos dominados por **Schoenus nigricans** e **Scirpus holoschoenus**. Nesta área **Cladium mariscus** é tamén abundosa e domina nas partes máis húmidas da trasduna.

2. **SISTEMA DUNAR:** Constitúe o ecosistema de maior importancia do lugar en canto a superficie e nel atópanse representados *varios hábitats prioritarios* incluídos no Anexo I da Directiva Hábitat.

-**Na franxa supralitoral** da Praia aséntase unha formación dominada por **Cakile marítima** e **Honkenya peploides** que forma parte das denominadas dunas embrionarias, hábitats que posibilitan así o asentamento de outras comunidades que conforman as **dunas móbiles**.

-**O segundo cinturón** de vexetación dunar aparece colonizado por formacións dominadas por **Elymus farctus subsp. Boreali-atlanticus** e **Ammophila arenaria subsp. Australis**, ésta última ocupando principalmente as crestas das dunas móbiles.

-**As dunas fixadas** pola vexetación (**dunas grises**) están poboadas por especies fruticasas, algunhas delas **Iberis procumbens** e **Helichrysum picardii**, endémicas da Península Ibérica.



-Finalmente, as depresións intradunares húmidas inclúen charcas temporais e formacións de helófitos dominados segundo os casos por **Thypha angustifolia**, **Scirpus holoschoenus**, **Phragmites australis** e **Cladium mariscus**.

Fonte; Ramil Rego, P.; Izco, J.; Gómez Orellana, L.; Alvite, R. ; Cillero Castro, C. Domínguez Conde, J.; Muiño Sobrino, C.; Rodríguez Guitián, M.; Romero Buján, I. Y Rubinos Román (2002): Humedales de Galicia. Xunta de Galicia. Lugo.

-REFERENCIAS FOTOGRÁFICAS DAS ESPECIES CITADAS:

1. A LAGOA.




1.1. A VEXETACIÓN DO LEITO ACUÁTICO.

<u>Ruppia marítima</u>	
Phragmites australis L.	
<u>Juncus maritimus</u>	




	 <p>Fonte: De 4028mdk09 - Trabajo propio, CC BY-SA 3.0, https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=9536825</p>
<u>Scirpus lacustris</u>	

1.2. CARA Á PARTE MÁIS EXTERNA DO HUMIDAL

<u>Alnus glutinosa</u> Xénero: Alnus .Ameneiro. Aliso en castelá	 
<u>Salix atrocinerea</u> Género: Salix Salgueiro Sauce en castelá	

	 <p>Fonte: De Ximénez - Trabajo propio, GFDL, https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=3567343</p>
<p><u>Erica tetralix</u></p> <p>Xenero: Erica.</p> <p>Brezo</p>	
<p><u>Calluna vulgaris</u></p> <p>Xénero: Calluna Brecina ou brezo</p>	 <p>Fonte: De Willow - Trabajo propio, CC BY 2.5, https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=2619324</p>

1.3. NO CONTACTO DA LAGOA COA DUNA GRIS

<p><u>Phragmites australis L.</u></p>	
<p><u>Scirpus holoschoenus L.</u></p> <p>Junquillo</p>	
<p><u>Cladium mariscus.</u></p>	 <p>Fonte: http://plants.usda.gov/java/largeImage?imageID=clca2_001_avp.jpg, Dominiopúblico, https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=629233</p>

2. SISTEMA DUNAR

2.1. NA FRANXA SUPRALITORAL. DUNAS EMBRIONARIAS.

Cakile marítima L.

Propia de dunas embrionarias, que posibilitan o asentamento de outras comunidades que conforman as dunas móbiles.

Fonte Foto: De Jürgen Howaldt - Trabajo propio (selbst erstelltes Foto), CC BY-SA 2.0 de, <https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=379490>



Honkenya peploides L.

Propia de dunas embrionarias, que posibilitan o asentamento de outras comunidades que conforman as dunas móbiles.

Fonte: By Krzysztof Ziarnek - Own work, CC BY-SA 3.0, <https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=1713390>



2.2. -O SEGUNDO CINTURÓN DUNAR.

Elymus farctus subsp. Boreali-atlanticus L.

Fonte: De Etrusco25 - Trabajo propio, CC BY-SA 3.0, <https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=10680211>



Ammophila arenaria
subsp. Australis L.

Fonte: www.asturnatura.com © Ignacio Fernández Villar



Eryngium maritimum l.

Planta halófito característica de sistemas dunares costeiros. Especialmente en dunas primarias e secundarias.



2.3. AS DUNAS FIXADAS POLA VEXETACIÓN (DUNAS GRISES)

Iberis procumbes

As dunas fixadas pola vexetación (dunas grises) están poboadas por especies fruticosas, algunhas delas **Iberis procumbes** e **Helichrysum picardii**, endémicas da Península Ibérica.



Helichrysum picardii



2.4. DEPRESIÓNS INTRADUNARES HÚMIDAS

Thypha angustifolia L

Finalmente, as depresións intradunares húmidas inclúen charcas temporais e formacións de helófitos dominados segundo os casos por *Thypha angustifolia*, *Scirpus holoschoenus*, *Phragmites australis* e *Cladium mariscus*.



Phragmites australis L.



Scirpus holoschoenus L.

Junquillo

